

ESQUEMA TEMA 12.- O FRANQUISMO (1939-1975)

- Fin Guerra Civil, España dominada polo Xeneral Franco; vitoria para uns e derrota e represión para outros.
- Ditadura: carácter persoal, militar moi influenciado polo tradicionalismo católico.

1. FUNDAMENTOS IDEOLÓXICOS E FAMILIAS POLÍTICAS

- Ditadura de Franco: fascista, militar e de carácter persoal.
- Existiron distintas familias políticas, englobadas no chamado "Movemento Nacional". As distintas familias políticas aportaron principios ideolóxicos cun obxectivo claro, o de acaparar o poder e perdurar no tempo.

A.- Principios Ideolóxicos dominantes

- **Nacional patriotismo.** Dos militares ao réxime, foi unha visión unitaria e tradicionalista de España. Tamén ideas de xerarquía, disciplina, autoritarismo, defensa sen concesións da unidade nacional e da orde pública. Do fascismo, o **hipernacionalismo**, a ética da violencia, o machismo, o Imperio, a exaltación do líder, a dirección paternalista da sociedade, o adoutramento político da mocidade (OJE) e a muller (Sección Feminina) e sindicatos verticais ou nacional sindicalismo.
- **Nacional catolicismo**, tradúcese na defensa da relixión e da moral católica nas súas versións máis tradicionais, como algo consubstancial á propia España.
- Esta **mestura ideolóxica** formou o nacionalismo español durante a ditadura, "Unha, Grande e Libre".

B.- Principios ideolóxicos rexeitados

- **Antiliberalismo:** Sistema liberal da República "culpable" dos males España. Optan por un sistema sen partidos políticos, sen eleccións, sen división de poderes, sen parlamento.
Conspiración xudéo-masónica-comunista: Para Franco, introductores dos dous grandes males do século XIX e XX, a democracia e a loita de clases. Como alternativa propónse a ditadura autoritaria e os sindicatos verticais.

2. FAMILIAS POLÍTICAS DO MOVEMENTO E EVOLUCIÓN IDEOLÓXICA

- **Católicos:** Divídense en dúas familias. Os católicos tradicionalistas e os do OPUS DEI.
- **Falanxistas:** Tivo a súa hexemonía nos inicios da ditadura, na denominada etapa azul.
- **Militares:** O exército foi o principal sostén do réxime e moi controlado por Franco.
- **Monárquicos:** Estaban divididos en dúas tendencias: carlistas e *donjuanistas*.
- **Franquistas:** importante sector, Carrero Blanco ata 1973. Fidelidade e adhesión incondicional ao "Caudillo".

3. ETAPAS/ EVOLUCIÓN POLÍTICA

1ª ETAPA: Entre 1939 e 1959 o Franquismo moveuse entre o estancamento e autarquía inicial (anos 40), e os inicios dunha apertura e recoñecemento político exterior nos anos 50.

- A Segunda Guerra Mundial e o illamento do Réxime (1939-1950): Trala Guerra Civil estoupou a Segunda Guerra Mundial (1939-1945). Loxicamente, Franco debía apoiar a Alemaña e Italia, en pago da axuda recibida por elas na Guerra Civil. Con todo, a situación ruínosa de España fixo que Franco se declarase Non Belixerante, aínda que apoiase ás potencias fascistas (envío da División Azul a Rusia). Esta situación cambiou en 1942 cando os aliados desembarcaron no Norte de África e o Eixe empezou a lograr as súas primeiras derrotas. Paulatinamente Franco afastouse das potencias fascistas e declarouse neutral. Con todo, ao terminar a Segunda Guerra Mundial a Resolución da ONU de 1946 condenaba ao Réxime de Franco e recomendaba aos estados membros a retirada de embaixadores. Isto supuxo o illamento diplomático do Réxime Franquista ata os anos 50.
- A Guerra Fría e a apertura a occidente (1950-1959): Nos anos 50 intensificouse a Guerra Fría entre EEUU e a URSS. Nestas circunstancias, os EEUU esqueceron o pasado filofascista de Franco e a partir dese momento valoraron o seu anticomunismo e a ubicación estratéxica da Península Ibérica para consideralo como un aliado. En 1950 a ONU suprimiu o bloqueio internacional contra Franco e en 1953 produciuse o Concordato coa Santa Sé e un Tratado con EEUU que permitía a esta potencia instalar unha serie de bases militares en España a cambio dunha axuda económica e de apoio diplomático. En 1955 admitiuse a España na ONU e nos principais organismos internacionais. En 1959 o Presidente de EEUU (Eisenhower) visitaba España dando o definitivo apoio ao réxime.

2ª ETAPA: Entre 1959 e 1969 prodúcese a época do *Desarrollismo*, na que a economía e sociedade españolas sofren unha transformación radical e sen precedentes en toda a súa historia. Malia isto, o réxime político négase a evolucionar cara á democracia e mostra unha vontade de permanencia e continuidade. Nos anos 60 España intentou achegarse ao resto de Europa e entrar na CEE (a oposición política intentou desacreditar ao Réxime Franquista no *Contubernio de Munich*, 1962). España só conseguiu un Acordo Preferencial coa CEE en 1970.

3ª ETAPA: Entre 1969 e 1975, a Crise do Petróleo e a crecente oposición política condicionarán dita continuidade, mentres o propio Franco agoniza. O Réxime Franquista apenas sobrevivirá uns meses á morte do Ditador.

4. INSTITUCIÓNS E INSTITUCIONALIZACIÓN POLÍTICA. LEIS FUNDAMENTAIS DO RÉXIME E ORGANIZACIÓN DO ESTADO

- **Exército:** Controlaba a represión, dirixía a policía, participaba na política económica e aportou moitos símbolos e claves ideolóxicas do Réxime a través da doutrina do caudillaxe militar. Gardaron unha escrupulosa fidelidade a Franco.
- **A Igrexa:** a Guerra civil foi cualificada como "Cruzada" e a igrexa aportou lexitimidade interior e exterior, e foi un instrumento de propaganda. O predominio da igrexa era inmenso. Control da educación, retribucións económicas.
- **O Movemento:** suma de Falanxe, tradicionalistas carlistas e as JONS. O fundamental do movemento foi o adoutramento das masas: Sindicatos Verticais, o SEU, a Sección Feminina, a Fronte de Mocidades e a OJE. Estes foron o soporte xurídico do Réxime:
 - **Fuero do Traballo, 1938.**
 - **A Lei de Cortes, 1942.**
 - **Fuero dos Españóis, 1945.**
 - **Lei de Referendo Nacional, 1945.**
 - **Lei de Sucesión, 1947.**
 - **Principios Fundamentais do Movemento, 1958.**
 - **Lei orgánica do Estado, 1966.**
- Estas Leis Fundamentais deron o soporte xurídico a un sistema político piramidal onde Franco controlaba todos os resortes do poder:
 - Xefatura do Estado: en mans de Franco, podía incluír tamén a Xefatura do Goberno. Podía legislar por decreto. Todos os poderes estábanlle subordinados. Tiña iniciativa para nomear bispos, cargos públicos, universitarios...
 - Cortes: Procuradores con carácter deliberante, non decisorio. Nomeados desde o Movemento, a Familia e os Sindicatos.
 - Consello Nacional do Movemento e Consello do Reino: Asesoran a Franco en asuntos de importancia.
 - Gobernadores civís, Capitanías Xerais e Concellos: controlan a administración periférica.

5. AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS: DA AUTARQUÍA AO DESARROLISMO

A Autarquía Económica (1939-1959):

Trala Guerra Civil, a situación económica de España era desastrosa. O Franquismo optou pola autarquía, é dicir, a autosuficiencia económica de España (limitación das importacións, produción nacional de todo o necesario). Esta opción foi en parte voluntaria e en parte obrigada polas circunstancias (a Segunda Guerra Mundial e o bloqueio diplomático e económico que sufriu España nos anos 40).

Doutra banda, Franco asumiu un importante intervencionismo estatal na economía española. Este intentaba aumentar a produción, especialmente a industrial e controlar o mercado ante a falta de oferta. O aumento da produción fracasou e a renda per cápita mantívose estancada, mentres que o control do mercado polo estado exerceuse mediante o **rationamento** e a limitación de prezos. O Racionamento tivo como consecuencia a corrupción (**estraperlo**) e o mercado negro.

A apertura diplomática dos anos 50 traducíuse no abandono da autarquía e do racionamento. Con todo, esta apertura ao exterior levou a un aumento das importacións moi por encima das exportacións, co conseguinte déficit exterior e unha alta inflación.

Esta situación esgotou as reservas de divisas e ameazaba con que España entrase nun proceso de endebedamento exterior.

Para solucionar estes problemas **os tecnócratas** do Opus Dei levaron a cabo o **Plan de Estabilización de 1959**. Este perseguía dominar a inflación e abrir definitivamente a economía española ao exterior. Tamén prevía eliminar os excesivos controis que o estado exercía sobre a economía e fomentar a iniciativa privada. A peseta devalouse para favorecer as exportacións, iso contribuíría a equilibrar a balanza de pagos. Aínda que este axuste económico era necesario as súas consecuencias directas foron traumáticas (paro, redución de salarios, etc.).

Tralo axuste do Plan de Estabilización leváronse a cabo os **Plans de Desenvolvemento entre 1964-1973**. Estes seguían o principio dunha planificación económica indicativa. Así mesmo impulsáronse os **Polos de Desenvolvemento**, novos focos industriais que permitiría redistribuír a industria por todo o territorio español (A Coruña, Vigo, Oviedo, Logroño, Zaragoza, Burgos Valladolid, etc.). O resultado dos Plans de Desenvolvemento foi o chamado **Milagre Económico Español**. Neste milagre económico tivo moita importancia a favorable conxuntura económica mundial e as achegas de capital estranxeiro, especialmente de EEUU.

Con todo, esta modernización da economía tivo tamén aspectos negativos. Así houbo fortes desequilibrios rexionais e unha parte da poboación viuse obrigada a emigrar fóra de España.

A **crise do petróleo de 1973** provocou un cambio de tendencia na conxuntura internacional, xerando unha depresión económica. España sufriu especialmente esta crise pola súa gran dependencia enerxética.. A crise en Europa provocou o despedimento de miles de emigrantes que volveron a España aumentando considerablemente o paro no noso país.

6. OS CAMBIOS SOCIAIS E CULTURAIS

A sociedade dos anos 40 e 50 non experimentou grandes cambios respecto de a xeración da Guerra Civil. Malia que o tamaño das grandes cidades continuaba aumentando, seguía dominando a poboación rural Ademais era unha sociedade moi polarizada en ricos e pobres cunha débil clase media. O Franquismo contribuíu a estender nesta xeración unha mentalidade tradicional, católica e autoritaria, baseada en valores relixiosos e cunha moral moi estrita (especialmente nos comportamentos sexuais). Ademais tratábase dunha sociedade baseada na discriminación entre vencedores e vencidos, militares e civís, homes e mulleres, etc.

As grandes transformacións sociais producíronse a raíz do *desarrollismo* dos anos 60. Entre 1959 e 1975 produciuse un crecemento demográfico sen precedentes pola caída da mortalidade e o mantemento dunha alta natalidade (**Baby boom**). Así mesmo intensificáronse os movementos migratorios interiores (éxodo rural cara aos núcleos urbanos e industriais: Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia, etc), e exteriores (máis de 1,5 millóns de emigrantes cara á CEE: Francia, Suíza, RFA).

7. BASES SOCIAIS / OPOSICIÓN

- Apoio importantísimo da sociedade española. Na autarquía, represión feroz. Nos 60 aparecen grupos sociais opostos (estudantes, os obreiros ou un sector da Igrexa).
- Apoios maioritarios: a oligarquía terratenente, financeira e industrial, sen esquecer o peso do pequeno propietario agrícola da metade norte e a masa de funcionarios e clases medias.
- Sociedade altamente xerarquizada afastada de "a política".
- En canto á **oposición** diferenciaremos entre a interior e a exterior. A exterior: goberno de República, da Generalitat, de partidos, de personalidades como a do fillo de Alfonso XIII, Don Juan; foi debilitándose ao perder o seu contacto co país. No interior durante a etapa da autarquía, sobre todo ata o 48, a represión provocou a súa eliminación ou o seu paso á sociedade pasiva; temos que destacar aos "maquis".
- A partir dos anos cincuenta, pero sobre todo nos sesenta e setenta aparecen grupos contra ditadura de Franco, para eles creárase o Tribunal de Orde Pública (TOP). Destacaremos:
 - **A Universidade.**
 - **Os obreiros.** UGT, de inspiración socialista, e CCOO, comunista. Proceso importante "o 1001".
 - Sectores da Igrexa tras Vaticano II. Con dous aspectos: os curas nacionalistas e os curas obreiros.
 - **O Nacionalismo.** En Cataluña e o País Vasco refórzase o sentimento nacionalista. Refórzanse partidos nacionalistas como PNV e xurdirán grupos armados como ETA (1959).
 - **Partidos políticos,** ante todo da esquerda tras o Congreso de Munich no 1962. Son Demócratas, Socialista e Comunistas. PSOE, PCE aínda que xurdirán moitos minoritarios. En 1974 o Partido Comunista constitúe a Xunta Democrática e en 1975 o Partido Socialista a Plataforma de Convergencia Democrática. Tamén xurdiron grupos terroristas como FRAP e GRAPO.